



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

De que estamos a falar?

Concepto

O [Real Decreto 773/1997, 30 de maio](#), sobre disposición mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización polos traballadores de equipos de protección individual (en diante EPI) define ao EPI como *“calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa de un ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin”*.

Excluindo da dita definición :

a) A roupa de traballo corrente e os uniformes que non esteen especificamente destinados a protexer a saúde ou a integridade física do traballadores.

(Non obstante, cando o uniforme dun determinado colectivo incorpore algún tipo de protección específica contra un risco que poida ameazar a súa seguridade e saúde, si estarían incluídos na dita definición. Pex. Roupa do persoal dos servizos de xardinería que leven elementos de alta visibilidade).

b) os equipos dos servizos de socorro ou salvamento

c) os equipos de protección individual dos militares, policía e de persoas dos servizos de mantemento do orden

d) os equipos de protección individual *dos medios de transporte por estrada*

e) *o material de deporte*

(*Non obstante, si sería de aplicación para as situacións nas que os EPI foran usados para a protección de riscos durante o desenvolvemento dunha actividade laboral deportiva como o caso dos chalecos salvavidas dos monitores deportivos náuticos, cascos de esquí..)*

f) *o material de autodefensa ou de disuasión*

g) *os aparatos portátiles para a detección e sinalización dos riscos e dos factores de molestia*

Proteccións

O dito Real Decreto relaciona os EPIS a través das partes do corpo a protexer:

- Protección da cabeza
- Protección do pe e pernas
- Protección ocular ou facial



- Portección respiratoria
- Protección do oído
- Protección do tronco, brazos e mans
- Roupa de protección para o mal tempo
- Roupa e prendas de seguridade: sinalización
- Dispositivos e equipos de protección anticaídas
- Portección da pel

E partindo da parte do corpo a protexer o Anexo III do R.D, determina unha amplísima relación de actividades nas cales prevé a utilización de epis, estando incluídas con terminoloxías de gran amplitude (casi todas as tarefas que realizan os traballadores nos diferentes sectores, que poden ocasionar accidentes graves)

O empresario deberá facer entrega dos epis naqueles postos de traballo nos que sexan necesarios e repoñelos, así como vixiar pola súa utilización polos traballadores.

Os traballadores deben estar informados e dispoñer das instrucións. Terán a obriga de utilízalos nas tarefas en que resulte obrigatorio, conservalos correctamente e gardalos despois do seu uso no lugar indicado para elo. Deberán igualmente informar ao seu superior de calquera anomalía ou defecto que poida xurdir nos epis.

Características a considerar na selección do EPI

- Grao necesario de protección que precisa unha situación de risco
- Grao de protección que ofrece o EPI fronte a esa situacións
- Ser adecuado os riscos
- Non xerar, por si mesmo riscos adicionais
- Non debe interferir no posible no proceso produtivo
- Ter en conta as exisencias ergonómicas e de saúde da persoa traballadora
- Adecuarse ao usuario, tras os axustes requiridos
- Contemplar a posible coexistencia de riscos simultáneos



Criterios de utilización

A Lei de prevención de riscos laborais sinala que os EPIS se utilizarán cando os riscos non se poidan evitar ou non poidan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas ou métodos ou procedimentos de organización do traballo.

Na adquisición do EPI deberase ter en conta o folleto informativo do fabricante que contén os datos relativos ao almacenamento, uso, limpeza, mantemento, desinfección...etc

EPI: Aspectos xerais sobre a súa comercialización, selección e utilización:

[Publicación do INSHT](#)

Normas de Uso dos EPIS

- 1.- Que sexa adecuado para reter o contaminante ao que estamos expostos
- 2.- Que protexa todas as vías de entrada (ollos, nariz, boca)
- 3.- Que sexa o máis confortable posible
- 4.- Que se utilize adecuadamente
- 5.- Mantelo limpo e en boas condicións de uso
- 6.- Que esté certificado fronte ao risco que pretende protexer (CE)
- 7.- Que non houbera perdido ningunha das súas características esenciais de protección
- 8.- De uso individual: un para cada traballador

Referencias.-

Na páxina do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo podemos atopar numerosas guías orientativas para a utilización dos EPIS, algunhas das cales deixamos referencia:

[Protectores respiratorios](#)



[Contra caídas de altura](#)

[Roupa de protección](#)

[Cascos de seguridade](#)

[Protectores oculares e faciales](#)

[Calzado de uso profesional](#)

[Protectores auditivos](#)

[Guantes de protección](#)

.-Outra documentación técnica relativa aos EPIS:

[Guías do INSHT](#)

Nota: Todos os textos subliñados son hiperenlaces. Premendo con control e intro sobre eles dirixe á información



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Servizo de Prevención de Riscos Laborais



correspondente.